

BANDA DE GAITAS
DO PADROADO DA CULTURA
DO CONCELLO DE NARÓN



Creada no seo do Padroado, a partires das Escolas de Gaita e Percusión, é unha das formacións máis antigas de Ferrolterra con xa máis de 15 anos de existencia.

Abrangue compoñentes de tódalas parroquias do Concello, resultantes da formación integral de músicos tradicionais que se está a levar nas diferentes Escolas, descentralizadas, de Gaita e Percusión galegas.

O repertorio que adopta interpretar nas súas actuacións é de corte tracional das diferentes comarcas do país e tamén de autores que teñen aportado novos traballos co máis puro sabor galego.

Son infinidade de actuacións as que esta Banda ten realizado no país e fóra del, cun promedio anual de 37 actuacións en festas, romarías, festivais, colexios, etc., aínda que se poderían citar algunhas delas como, por exemplo: Ferrol, Fene, Narón, Festival "Pantín Classic" Valdoviño (A Coruña), As Pontes, Coruxo (Vigo), Cee (A Coruña), Teatro Principal de Ourense, Ponferrada, Festival Folclórico en Coimbra (Portugal), Festival Intercéltico de Ainsa (Huesca), Portugalete (Pais Vasco), Festival de Albacete, Feira de Albacete, Festas de San Joao, en Braga (Portugal), Actuación en Oporto (Portugal), Inauguración da Expo '98, en Lisboa, etc...